

CHANTADA

Anuncio

“BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL NO MARCO DO ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 22 DE OUTUBRO DE 2019, RELATIVA Á ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO ANTIGO DE CHANTADA (LUGO) 14ª FASE, NA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL 2018 - 2021.”

En virtude do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, e en desenvolvemento dos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 22 de outubro de 2019, relativo á «Área de Rexeneración e Renovación Urbana Casco Antigo de Chantada» e en relación ao papel xestor do Concello de Chantada para a execución do Plan e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións neste acordo.

Resultando que en base ó referido convenio este Concello no seu papel xestor para a execución do Plan, debe realizar a convocatoria para a concesión de subvencións previstas no acordo, ata un máximo de 17 actuacións ou ata esgotar o orzamento máximo.

Na redacción destas bases tívose en conta o disposto na vixente Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, aplicable ás entidades que integran a Administración Local, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, en tanto que normas reguladoras das bases de concesión das subvencións.

Base 1.- Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento de concesión das axudas ao abeiro do Convenio asinado entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Chantada, o 22 de outubro de 2019, relativo a concesión das axudas para a área de rexeneración e renovación urbana do casco antigo de Chantada, 14ª Fase, no marco do R.D. 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

Base 2.- Ámbito territorial desta convocatoria

O ámbito no que será de aplicación esta convocatoria é o da ARI do Casco Antigo de Chantada, declarada pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia o 5 de xuño de 2000.

Base 3.- Tipos de actuacións subvencionables

As obras para as que se solicitan as axudas deberán estar comprendidas nun ou máis dos seguintes apartados:

1. Mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade das vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila:
 - a) A mellora da envolvente térmica da vivenda para reducir a súa demanda enerxética de calefacción ou refrixeración, mediante actuacións de mellora do seu illamento térmico, a substitución de carpinterías e acristalamentos dos ocos, ou outras, incluíndo a instalación de dispositivos bioclimáticos e de sombreamento.
 - b) A instalación de sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación para o acondicionamento térmico, ou o incremento da eficiencia enerxética dos existentes, mediante actuacións como: a substitución de equipos de produción de calor ou frío, a instalación de sistemas de control, regulación e xestión enerxética; o illamento térmico das instalacións de distribución e transporte ou a substitución dos equipos de movemento dos fluídos caloportadores; a instalación de dispositivos de recuperación de enerxías residuais; a implantación de sistemas de enfriamento gratuito por aire exterior e de recuperación de calor do aire exterior; a renovación e a conexión de vivendas a redes de calor e frío existentes, entre outros.
 - c) A instalación de equipos de xeración ou que permitan a utilización de enerxías renovables como a enerxía solar fotovoltaica, biomasa ou xeotermia que reduzan o consumo de enerxía convencional térmica ou eléctrica da vivenda. Inclúirase a instalación de calquera tecnoloxía, sistema, ou equipo de enerxía renovable, como paneis solares térmicos e solucións integrais de aerotermia por



climatización e auga quente sanitaria, a fin de contribuír á produción de auga quente sanitaria demandada pola vivenda, ou a produción de auga quente para as instalacións de climatización.

- d) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-HR, protección contra o ruído.
- e) A que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-HS de salubridade ou, no seu defecto, as que afecten a elementos cuxo tratamento permita reducir de forma efectiva no interior da edificación a media anual de concentración de radón a niveis inferiores a 300 Bq/m^3 , ou nas que sen alcanzar dito nivel, se reduza a concentración inicial polo menos un 50%.

Nas vivendas, segundo la clasificación climática del Código Técnico de la Edificación, o conxunto de actuacións das letras a), b) y c) anteriores deben conseguir una redución da demanda enerxética anual global, de maneira conxunta ou complementaria, de calefacción e refrixeración da vivenda referida á certificación enerxética, sobre a situación previa a ditas actuacións, de polo menos:

Zonas climáticas D y E: un 35 %.

Zona climática C: un 25 %.

Zonas climáticas: α , A y B, un 20 % ou ben alternativamente unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable, referida á certificación enerxética, de un 30 % como mínimo.

- 2. As actuacións nos edificios de vivendas de tipoloxía residencial colectiva, incluídas as que se realicen no interior das súas vivendas, que se dirixan á mellora da súa eficiencia enerxética e sostenibilidade:
 - a) A mellora da envolvente térmica do edificio para reducir a súa demanda enerxética de calefacción ou refrixeración mediante actuacións en fachada, cuberta, plantas baixas non protexidas ou calquera paramento de dita envolvente, de mellora do seu illamento térmico, a substitución de carpinterías e acristalamentos dos ocos, o pechamento ou acristalamento das terrazas xa teitadas, ou outras, incluíndo a instalación de dispositivos bioclimáticos e de sombreamento.
 - b) A instalación de novos sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación para o acondicionamento térmico, ou o incremento da eficiencia enerxética dos xa existentes, mediante actuacións como: a substitución de equipos de produción de calor ou frío, a instalación de sistemas de control, regulación e xestión enerxética, contadores e repartidores de costes enerxéticos para instalacións centralizadas de calefacción; o illamento térmico das redes de distribución e transporte ou a substitución dos equipos de movemento dos fluídos caloportadores; a instalación de dispositivos de recuperación de enerxías residuais; a implantación de sistemas de enfriamento gratuíto por aire exterior e de recuperación de calor do aire de renovación e a conexión de edificios a redes de calor e frío existentes, entre outros.
 - c) A instalación de equipos de xeración ou que permitan a utilización de enerxías renovables como enerxía solar fotovoltaica, biomasa ou xeotermia que reduzan o consumo de enerxía convencional térmica ou eléctrica do edificio. Incluirá a instalación de calquera tecnoloxía, sistema, ou equipo enerxía renovable, como paneis solares térmicos e solucións integrais de aerotermia para climatización e auga quente sanitaria, a fin de contribuír á produción de auga quente sanitaria demandada polas vivendas, ou a produción de auga quente para as instalacións de climatización.
 - d) A mellora da eficiencia enerxética das instalacións comúns de ascensores e iluminación, do edificio ou da parcela, mediante actuacións como a substitución de lámparas e luminarias por outras maior rendemento enerxético, xeralizando por exemplo a iluminación LED, instalacións de sistemas de control de encendido e regulación do nivel de iluminación e aproveitamento da luz natural.
 - e) A mellora das instalacións de subministro e instalación de mecanismos que favorezan o aforro de auga, así como a implantación de redes de saneamento separativas no edificio e de outros sistemas que favorezan a reutilización das augas grises e pluviais no propio edificio ou na parcela ou que reduzan o volume de vertido ó sistema público de alcantarillado.
 - f) A mellora ou acondicionamento de instalacións para a adecuada recollida e separación dos residuos domésticos no interior dos domicilios e nos espazos comúns das edificacións.
 - g) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-HR, protección contra o ruído.
 - h) O acondicionamento dos espazos privativos da parcela para mellorar a permeabilidade do solo adaptando a xardinería a especies de baixo consumo hídrico, optimizar os sistemas de rega e outras actuacións bioclimáticas.



- i) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-HS de salubridade ou, no seu defecto, as que afecten a elementos cuxo tratamento permita reducir de forma efectiva no interior da edificación a media anual de concentración de radón a niveis inferiores a 300 Bq/m³, ou nas que sen alcanzar dito nivel, se reduza a concentración inicial polo menos un 50%.
- j) As que fomenten a mobilidade sostible nos servizos e instalacións comúns dos edificios ou urbanizacións tales como a instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos nos aparcamentos ou adecuación de zonas e instalacións de aparcamentos de bicicletas.
- k) As instalacións de fachadas ou cubertas vexetais.
- l) A instalación de sistemas de domótica e/ou sensórica.

Nos edificios, segundo a clasificación climática do Código Técnico da Edificación, o conxunto de actuacións das letras a), b), c) e d) anteriores deben conseguir unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración do edificio referida á certificación enerxética, sobre a situación previa a ditas actuacións, de polo menos:

Zonas climáticas D y E: un 35 %

Zona climática C: un 25 %

Zonas climáticas: α, A e B, un 20 % ou ben alternativamente unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable, referida á certificación enerxética, dun 30 % como mínimo.

3. Actuacións de conservación que se acometan para subsanar as seguintes deficiencias:
 - a) As relativas ao estado de conservación da cimentación, estrutura e instalacións.
 - b) As relativas ó estado de conservación de cubertas, azoteas, fachadas e medianerías, incluíndo procesos de desamiantado.
 - c) As relativas á adecuación interior da vivenda unifamiliar, agrupada en fila ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, ás condicións mínimas de funcionalidade, habitabilidade, seguridade e hixiene legalmente esixidas.
 - d) As actuacións para a mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade. En particular:
 - i. A instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade, incluíndo os adaptados ás necesidades de persoas con discapacidade sensorial ou intelectual, así como a súa adaptación, unha vez instalados, á normativa sectorial correspondente.
 - ii. A instalación ou dotación de produtos de apoio tales como grúas ou artefactos análogos que permitan ó acceso e uso por parte das persoas con discapacidade a elementos comúns do edificio no seu caso, tales como xardíns, zonas deportivas, piscinas e outros similares.
 - iii. A instalación de elementos de información ou de aviso tales como sinais luminosas ou sonoras que permitan a orientación no uso de escaleiras, ascensores e do interior das vivendas.
 - iv. A instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e exterior, tales como videoporteiros e análogos.
 - v. A instalación domótica e de outros avances tecnolóxicos para favorecer a autonomía persoal das persoas maiores ou con discapacidade.
 - vi. Calquera intervención que facilite a accesibilidade universal nos espazos do interior das vivendas unifamiliares, agrupadas en fila ou en edificios de tipoloxía residencial colectiva obxecto deste programa, así como nas vías de evacuación dos mesmos. Inclúense obxectos dirixidos á ampliación de espazos de circulación dentro da vivenda que cumpran coas condicións do Código Técnico da Edificación no referido a vivenda accesible, así como para mellorar as condicións de accesibilidade en baños e cocinas.
 - vii. Calquera intervención que mellore o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-SUA, Seguridade de utilización e accesibilidade.
4. A execución de obras ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, incluso no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns a fin de adecualos ós estándares previstos pola normativa vixente.
5. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sostenibilidade do medio urbano:



- a) Obras de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos tales como consolidación, pavimentación, xardinería, infraestruturas, instalacións, servicios de abastecemento de auga, saneamento, subministro enerxético, alumado, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.
- b) Obras de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.
- c) Obras destinadas a mellorar a eficiencia ambiental en materia de auga, enerxía, uso de materiais, xestión de residuos e protección da biodiversidade:
 - i. No ámbito da auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sostible das escorrentas urbanas, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ó medio.
 - ii. No ámbito da enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servicios urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sostible e, en xeral, todas aquelas outras destinadas a reducir a demanda enerxética, reducir as emisións de gases contaminantes e aumentar o uso de enerxías renovables.
 - iii. No ámbito da mellora no uso de materiais e a xestión de residuos, as relacionadas coa mellora do reciclaxe dos materiais, especialmente aquelas dirixidas a cumprir cos plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as relativas ó uso de materiais reciclados ou renovables en edificación ou urbanización, e as relativas ó uso de materiais locais ligados a estratexias de promoción dunha xestión sostible do territorio.
 - iv. No ámbito da protección e mellora da biodiversidade, as infraestruturas verdes urbanas, como por exemplo: as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes, ou de implantación de especies adecuadas ó medio.
6. Obras de demolición de edificios, de vivendas e infravivendas e de edificación de edificios de vivendas e vivendas de nova construción. Os novos edificios e vivendas deberán ter una cualificación enerxética mínima B, e cumprir en todo caso coas esixencias do Código Técnico da Edificación.

O custo total das actuacións subvencionables constituirá o orzamento protexido da actuación e non poderá superar os custos medios de mercado que a tales actuacións lle correspondan.

O custo total subvencionable da actuación inclúe o custo de execución material, honorarios profesionais, beneficio industrial e gastos xerais e de xestión, excluídos impostos, taxas e tributos.

Base 4.- Requisitos

CONFORMIDADE COA NORMATIVA VIXENTE:

Os inmobles e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións normativa en vigor.

CONDICIÓN DOS INMOBLES:

No ámbito de actuación polo menos un 70 % da edificabilidade sobre rasante deberá ter como destino o uso residencial de vivenda habitual.

Non se protexerán actuacións en edificios que carezan das condicións mínimas de habitabilidade, seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de acaída funcionalidade da rede saneamento, agás que as obras inclúan as actuacións necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

As actuacións no interior das vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións habitabilidade relativas a distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalacións de cociña ou doutros servizos carácter xeral. Non se protexerán obras de acabados cuxa finalidade sexa puramente decorativa.

Non se subvencionarán obras ou partidas de obras iniciadas con anterioridade á realización da primeira visita técnica ó inmovible por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

Os inmobles deberán ter sido finalizados antes do 1981.

REQUISITOS XERAIS DAS ACTUACIÓNS:

A execución de calquera das obras contará coa preceptiva Licenza Municipal de Obras na que se faga constar a descrición de todas as obras a executar, ou no seu caso, ter sido obxecto da comunicación previa oportuna así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.



As edificacións ou vivendas deberán ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.

As obras que teñen por obxecto actuacións sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.

Con anterioridade á formalización da petición da correspondente axuda, os edificios de vivendas deberán contar co correspondente informe de avaliación do edificio.

As actuacións contarán co acordo da Comunidade ou Comunidades de Propietarios de que se trate, debidamente agrupadas, salvo nos casos de edificios de propietario único, e coa autorización administrativa correspondente, cando sexa preceptiva.

Base 5.- Beneficiarios das subvencións

Poderán ser beneficiarios das axudas deste programa as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios ou os propietarios únicos de edificios de vivendas. Para aqueles edificios que teñan integramente como destino o aluguer, durante, polo menos 10 anos a contares desde a recepción da axuda, poderán ser beneficiarios, tamén, as Administracións Públicas e os organismos e demais entidades de dereito público, así como as empresas públicas e sociedades mercantís participadas íntegra ou maioritariamente polas Administracións propietarias dos inmobles.

Cando as persoas beneficiarias sexan persoas físicas, deberán posuír a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, de Suíza ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. As persoas estranxeiras non comunitarias deberán ter residencia legal en España.

Cando a execución da actuación corresponda a varios beneficiarios, a axuda distribuirase en proporción ó custe asumido por cada un deles.

As persoas interesadas ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que se establecen nesta convocatoria así como aos demais requisitos que se establezan na normativa reguladora.

Tamén poderán solicitar as axudas os titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve parello o compromiso de ocupalas eles mesmos ou transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro título legalmente admisible, sempre que sexa como residencia habitual. Este compromiso terá que ser cumprido antes de transcorridos seis meses dende que finalizasen as obras, e quedarán condicionadas as axudas á efectiva ocupación das vivendas no devandito prazo, que poderá ser prorrogado ata un ano por solicitude da persoa interesada cando medie causa xusta.

Os beneficiarios das subvencións haberán de cumprir as seguintes condicións:

- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na súa normativa de desenvolvemento ou no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.
- Estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Chantada.
- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Chantada, ou xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga xustificar.

Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias:

- a) Realizar as actuacións de rehabilitación para as cales se establecen as axudas, de conformidade coa resolución de cualificación profesional.
- b) Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou persoa inquilina, suposto de que se destinen ao alugamento, por un prazo de tres anos, de conformidade co artigo 7 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, para o caso de recibir as axudas autonómicas. Non poder acollerse en caso algún aos programas autonómicos de rehabilitación as segundas residencias.
- c) Comunicar ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o concello e/ou o IGVS considere pertinentes durante a vixencia da subvención.
- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou polo concello ou o IGVS.



- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Subministrar o IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título 1 da citada lei.
- h) Cubrir os datos necesarios para a tramitación ministerial da axuda que sexan esixibles segundo o acordo de financiamento específico asinado.
- i) As demais obrigas recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 do decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Base 6.- Criterios de selección

As actuacións prioritarias na Área de Rehabilitación Integral serán as seguintes:

- Conservación da estrutura da edificación. Ata 10 puntos.
- Mellora na conservación das cubertas. Ata 10 puntos.
- Conservación e mellora dos cerramentos. Ata 10 puntos.
- Substitución de carpinterías exteriores. Ata 10 puntos.
- Mellora do acondicionamento interior. Ata 5 puntos.
- Renovación das instalacións. Ata 5 puntos.
- Mellora da accesibilidade. Ata 10 puntos.

Dentro das actuacións prioritarias na Área de Rehabilitación Integral, o criterios de selección serán os seguintes:

- Interese arquitectónico do edificio proposto. 0-10 puntos.
- Os edificios construídos a data igual ou anterior a 1940. 0-10 puntos.
- Actuacións que melloren o estado de conservación de elementos de singular importancia arquitectónica. 0-10 puntos.
- Emprego de materiais tradicionais. 0-10 puntos.
- Actuacións que melloren o aspecto xeral e que revitalicen o comercio da Área de Rehabilitación de Centro Histórico. 0-10 puntos.
- Creación de usos compatibles en planta baixa. 5 puntos.
- Actuacións de rehabilitación en vivenda habitual. 0-5 puntos.
- Intervencións contiguas en rúas. 0-5 puntos.

En igualdade de condicións, terán preferencia os solicitantes con menor capacidade económica.

Base 7.- Programa e contía das axudas

As axudas económicas previstas terán o carácter de subvención a fondo perdido e poderán dirixirse a calquera das actuacións sinaladas na Base 3 da presente convocatoria.

As subvencións concederanse no marco do acordo asinado entre o Concello de Chantada, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Ministerio de Fomento o día 22 de outubro de 2019, que estima investimento de 1.006.994,29 euros, correspondente ás achegas do referido Ministerio, da Comunidade Autónoma do Concello de Chantada e dos promotores particulares, para a realización de 17 actuacións cualificadas.

Tipo e cuantía das axudas:

A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias establecidas a seguir:

- a) Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipo residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentación en vivenda con redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2009 do 9 de marzo.



- b) Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de conservación, da mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.c) citado Real decreto e no ordinal décimo terceiro.

No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, incrementaranse estas contías con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos, será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

Estas axudas solicitaranse, xestionaranse e resolveranse para a vivenda ou, de ser o caso, conxuntamente para todo o edificio, sen prexuízo da súa posterior repartición e repercusión proporcional, e destinaranse integramente ao pagamento das cotas correspondentes ás actuacións subvencionables, unha vez repercutidas proporcionalmente.

- c) Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída, nos casos de infravivenda e chabolismo.
- d) Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída, para as actuacións de mellora da calidade e sustentación do medio urbano.

Neste caso, o cómputo do número de vivendas obxecto de rehabilitación e/ou construción, para os efectos da determinación deste compoñente da axuda, corresponderase co número de vivendas que en orixe vaian ser obxecto de rehabilitación ou nova construción dentro da ARI declarada. Se, finalmente, o número de vivendas rehabilitadas ou construídas fose inferior, este cómputo non se verá alterado, salvo que o número de vivendas rehabilitadas ou construídas fose inferior ao 50 % das inicialmente previstas no acordo específico, caso en que a axuda unitaria por vivenda se verá reducida ata non poder superar 1.500 euros por cada vivenda efectivamente rehabilitada ou construída.

- e) Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia para realoxar, durante o tempo que duren as obras e ata un máximo de 3 anos, para as actuacións de realoxamento temporal.
- f) Ata 1.000 euros por vivenda rehabilitada ou construída, para financiar o custo de xestión e dos equipamentos e oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social».

As contías das axudas indicadas anteriormente axustarase ó financiamento asignado a este Concello en cada anualidade, no acordo específico asinado na Comisión Bilateral de Seguimento do Plan, polo que as contías máximas das subvencións indicadas poderán diminuír en función do número de actuacións subvencionadas que non será superior a dezasete, e que se recollen no seguinte cadro:

ANUALIDADE	MINISTERIO DE FOMENTO	COMUNIDADE AUTÓNOMA
2019	246.022,85 €	34.950,63

Base 8.- Características das axudas económicas

As axudas previstas nesta norma, terán carácter de subvencións a fondo perdido e serán outorgadas por procedemento de concorrencia competitiva con convocatoria aberta.

As axudas serán concedidas tendo en conta os informes técnicos emitidos pola Oficina de Rehabilitación Municipal do Concello de Chantada.

Base 9.- Compatibilidade das axudas

Para os efectos do disposto nos artigos 17.3 e 19.2 e 3 da Lei Xeral de Subvencións, estas axudas serán compatibles con calquera outras, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desoutras axudas, sempre e cando o seu importe non supere o custe total da actuación.

TRAMITACIÓN

Base 10.- Pasos a seguir

1. Solicitude Oficial de Axudas.



2. Solicitud de visita de inspección técnica.
3. Informe técnico da Oficina de Rehabilitación e conformidade, por parte do solicitante, coas obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas.
4. Presentación do orzamento por parte do solicitante. Presentación, se fose necesario para as axudas que se solicitan, do “Informe de avaliación do edificio” e/ou “Certificado de Eficiencia enerxética” asinados por técnico competente.
5. Conformidade co orzamento presentado.
6. Informe da Oficina de Rehabilitación conforme o solicitante cumpre con todos os requisitos para optar ás axudas e proposta á Xunta de Goberno Local.
7. Acordo provisional por parte da Xunta de Goberno Local.
8. Aportarase a documentación detallada na base 12. No caso de que a actuación non dispoña de licenza, iniciarase a tramitación da solicitude de licenza municipal de obras e remitirase o expediente a Patrimonio.

En caso de obra menor o interesado deberá aportar unha memoria técnica, con orzamento detallado por partidas, necesaria para a comunicación previa. En caso de obra maior o interesado deberá aportar un proxecto técnico asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.

As obras obxecto de axudas axustaranse ao convindo na memoria, non admitindo ningunha modificación sen o consentimento e aceptación polo técnico da oficina de Rehabilitación encargado da supervisión das mesmas.

No caso de que o proxecto estivera asinado por calquera outro técnico competente, o cambio ou modificación terá que estar aceptado por dito técnico, ser notificado á oficina e ter aceptación por medio dun escrito da proposta deseñada.

O orzamento especificará de xeito detallado e por referencia catastral, o custo correspondente a cada actuación de rehabilitación, e dicir, para a mellora da eficiencia enerxética, para a mellora da accesibilidade e para conservación, por separado.

9. Envío da documentación recadada á Delegación provincial do IGVS para que proceda á concesión da cualificación provisional das axudas.

O envío farase a través da Oficina Municipal de Rehabilitación de Chantada.

O prazo de execución das obras será o indicado na devandita Cualificación. O desenrolo das obras será supervisado polos técnicos da Oficina Municipal de Rehabilitación.

10. Unha vez rematadas as obras en conformidade co proxecto aprobado tramitarase a resolución definitiva en Xunta de Goberno Local.
11. Envío da documentación de Final de Obra á Delegación provincial do IGVS para que proceda á concesión da Cualificación Definitiva.

No caso de que o proxecto estea asinado por un técnico que non pertenza á oficina Municipal de Rehabilitación, será necesario presentar a Certificación e o Final de Obra correspondente asinado polo técnico competente encargado da dirección da mesma co visado colexial correspondente.

12. Visita das obras por un técnico do IGVS.
13. Cobro das axudas.

PROCEDEMENTO

Base 11.- Iniciación, Instrución e Resolución

A iniciación do procedemento terá lugar mediante a Convocatoria pública incluída nestas bases segundo o previsto no artigo 23.2 da LXS.

A instrución do procedemento realizarase pola Oficina Municipal de Rehabilitación que practicará de oficio as tantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A resolución dos expedientes corresponderá a Xunta de Goberno Local previa proposta formulada pola Oficina de Rehabilitación. Os acordos da Xunta de Goberno Local de concesión ou denegación das subvencións poñen fin á vía administrativa.



A comisión de avaliación estará composta polo arquitecto municipal, un administrativo da Oficina de Rehabilitación e por un funcionario do servizo de intervención do Concello.

Base 12.- Procedemento: solicitudes, documentos e prazos

1. As solicitudes de axuda presentaranse en exemplar para tal fin, no Rexistro do Concello, previa solicitude do impreso habilitado na Oficina de Rehabilitación.

No modelo de solicitude realizaranse as seguintes declaracións:

- a) Declaración de non ter solicitado ou obtido ningunha outra axuda para o mesmo proxecto. No caso de ter solicitado ou concedida algunha outra axuda, deberá indicar cales.
 - b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida.
 - c) Que todos os datos da solicitude e nos documentos que se achegan son correctos.
 - d) Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas.
 - e) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.
 - f) Declaración responsable de que non se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda, por causas imputables á persoa solicitante.
2. O petionario deberá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ó inicio da instrución.
 3. Coa solicitude de axudas achegarase a seguinte documentación:
 - a) Fotocopia do DNI do/a solicitante e, de ser o caso, do representante autorizado.
 - b) Se o promotor é unha persoa xurídica, documento acreditativo da constitución da sociedade, CIF, documento de poder de representación e DNI do representante.
 - c) No caso de que a persoa sexa unha comunidade de propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios, presentaranse ademais:
 - Documento acreditativo da súa constitución.
 - Documento acreditativo da representación con que se actúa.
 - Xustificación da titularidade do edificio (inscrición no Rexistro da Propiedade).
 - Acordo da comunidade de propietarios que autorice a execución das obras e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.
 - Relación de persoas propietarias do edificio, identificando NIF de cada unha, referencias catastral de cada vivenda e local.
 - d) Naqueles casos en que non sexa obrigatoria a constitución da comunidade de propietarios conforme o artigo 13.8 da Lei de Propiedade Horizontal, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todos os copropietarios coa realización das obras e os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada un deles.
 - e) Se fose necesario durante o proceso de selección dos beneficiarios, poderase requirir ademais documentación acreditativa dos ingresos e da composición familiar.
 4. As solicitudes que resulten seleccionadas como posibles beneficiarias das axudas achegarán ademais a seguinte documentación:
 - a) Certificacións de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
 - b) Certificación bancaria do número de conta do solicitante, onde lle será abonado o importe da subvención. A titularidade deberá ser a do solicitante da axuda.
 - c) A demais documentación que lle sexa esixible ó beneficiario, de acordo coa lexislación mercantil sectorial aplicable e co disposto na LXS.



- d) Contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible.
- e) Cando o solicitante sexa ou vaia ser residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar, deberá achegar: certificado de empadramento ou compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente polo menos durante un período de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.
- f) Cando o solicitante non habite na vivenda para rehabilitar: compromiso escrito de destinar a vivenda a residencia familiar habitual e permanente de terceiras persoas, ou no seu defecto a aluguer.
- g) A que resulte necesaria de acordo co previsto no Real Decreto 106/2018 e os demais datos informativos que esixe o Ministerio no Protocolo de información normalizado.
- h) Documentación relativa ás obras do edificio:
- Informe de avaliación do edificio e se fose necesario para as axudas que se solicitan, "Certificado de Eficiencia enerxética", ambos asinados por técnico competente.
 - Proxecto ou Memoria Técnica na cal expresen as obras que se van executar, a súa valoración, clasificándoas en capítulos segundo o disposto no artigo 26 do Real decreto 33/2013. O proxecto ou memoria técnica deberá conter os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar. Este proxecto ou memoria técnica xustificará a adecuación da actuación ó Código Técnico da Edificación hasta onde sexa viable, urbanística, técnica ou economicamente.
 - Licenza, comunicación previa e/ou autorizacións para a execución das obras ou compromiso de obtelas na maior brevidade posible.
- i) Outros documentos que, se é o caso, o Concello considere necesarios.
5. Documentación para a subvención autonómica (ademais da xeral): No caso de optar ás contías de subvención autonómicas deberase presentar:
- Declaración responsable de que a vivenda se vai destinar a domicilio habitual e permanente da persoa propietaria ou inquilina. Antes do pagamento deberá aportase copia do contrato de aluguer e certificado de empadramento do inquilino.
 - Certificado de empadramento na vivenda do propietario solicitante no caso da súa vivenda ou certificado de empadramento do inquilino e contrato de alugueiro.
6. A presentación da solicitude de axuda implica a aceptación das bases e das obrigas establecidas na norma así como da correspondente Ordenanza Reguladora das Axudas á Rehabilitación da Vivenda.
7. Prazos:
- a) Para a presentación da solicitude: o prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles dende a publicación destas bases.
- b) Para a resolución: 7 días (hábiles) dende o remate do prazo establecido para a presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima aos interesados dá a entender desestimada a concesión da subvención por silencio administrativo.
- c) Xustificación da actuación: As obras estarán rematadas no prazo máximo establecido no acordo de cualificación provisional das axudas, en todo caso deberán estar rematadas antes do 30 de novembro de 2020.

Base 13.- Concesión das axudas, Cualificación provisional

Presentada a documentación que se establece na base 12, e despois dos requirimentos que se consideren necesarios para completar ou aclarar a documentación recibida, o órgano instrutor propondrá á Xunta de Goberno Local a aprobación provisional das axudas, que terá a consideración de acto de trámite necesario para a súa obtención.

A proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e virá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan 2018-2021, referida tanto ás actuacións aos edificios e vivendas como ás persoas beneficiarias.



A persoa titular da correspondente xefatura territorial do IGVS ditará unha resolución sobre a cualificación provisional. A resolución pola que se outorgue a cualificación provisional conterá a identificación da persoa solicitante, describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido e o prazo de execución e de comunicación do remate das obras.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

Serán causas de denegación da cualificación provisional, ademais das que poida sinalar o concello, as seguintes:

- a) Que a actuación prevista non estea entre as actuacións de rehabilitación acollidas neste programa.
- b) No caso de actuacións referidas a edificios residenciais colectivos, que non se dispoña do informe de avaliación dos edificios.
- c) Que a actuación non se axuste ás determinacións do Real Decreto 106/2018, ou ao acordo específico asinado co Ministerio de Fomento.

O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación provisional. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta entenderase denegada.

Contra a resolución que sobre a cualificación provisional diten as xefaturas territoriais da IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Unha vez recibida a comunicación da aprobación inicial, o solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación; o cal deberá permanecer até o cobro total das axudas solicitadas.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor do beneficiario proposto, fronte á Administración, mentres non se notifique a resolución da concesión.

Base 14.- Licenza urbanística

Os interesados deberán achegar a licenza urbanística ou o compromiso de obtela na maior brevidade posible desde que lles sexa notificado o acordo de concesión provisional da subvención.

REALIZACIÓN DAS OBRAS, XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Base 15.- Contratación e inicio das obras

Os solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

Non obstante, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 50.000 €, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas, seleccionándose de acordo con criterios de eficiencia e economía aquélla que resulte economicamente máis vantaxosa. Noutro caso, xustificarse expresamente a escolla en memoria elaborada para o efecto, artigo 31 da LXS.

Deberá constar na Oficina de Rehabilitación o orzamento de execución definitivo, asinado por ambas partes.

As obras deberán iniciarse no prazo máximo que se fixe na Cualificación Provisional emitida pola Consellería de Vivenda e Solo, coas prórrogas que no seu caso procedan.

O solicitante promotor das obras comunicarlle formalmente á Oficina de Rehabilitación a data do comezo das obras, o prazo de execución, as empresas que interveñen e o importe do orzamento de obras de cada empresa, de forma que poida quedar constancia deses datos.

Base 16.- Finalización das obras, Xustificación, Cualificación definitiva.

Os promotores das actuacións comunicarán o seu remate de acordo co previsto na cualificación provisional a través do medio da documentación acreditativa da finalización de obra, e en todo caso con data anterior ao 30 de novembro do 2020, de xeito que o Concello teña tempo suficiente para realizar as seguintes comprobacións con anterioridade a dita data:

1. Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e de acordo coa cualificación provisional.
2. Que para a súa execución se contan con todas as autorizacións necesarias.



3. As facturas cotexadas e documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións deberán estar pagadas pola persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional.

No caso de ser obrigatorio deberá achegarse a certificación enerxética do edificio no que se reflicta unha mellora da cualificación enerxética total do edificio.

A xustificación da actuación constitúe unha obriga do beneficiario que baixo a súa responsabilidade aportará a tal fin os orixinais das facturas pagadas ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A partir da elaboración do informe de final de obra ou de ser o caso desde que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na aprobación provisional, a Oficina de Rehabilitación someterá o expediente ó órgano municipal correspondente para que este resolva sobre a aprobación definitiva das axudas.

Dende o Concello elaborárase unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará e virá acompañada dunha certificación do cumprimento dos requisitos do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

As xefaturas territoriais do IGVS, lago das comprobacións que consideren oportunas, resolverán sobre a cualificación definitiva. Na resolución pola que se concede a cualificación definitiva constará o tipo de actuación realizada, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación e o importe do orzamento protexible.

Serán causas de denegación da cualificación definitiva, as seguintes:

- a) Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución de cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución de cualificación provisional.
- b) Non executar as obras de conformidade coa licenza de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela.
- c) O incumprimento do prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.
- d) O incumprimento por parte da persoa ou entidade promotora de calquera dos requisitos previstos no Real Decreto 106/2018, nesta orde e no correspondente acordo específico, para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria.

O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación definitiva será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación definitiva. Transcorrido o dita prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta entenderase denegada.

Contra a resolución que sobre a cualificación definitiva diten as xefaturas territoriais do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS, no prazo de un (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

A certificación municipal que se acompaña á proposta de cualificación definitiva constituirá a memoria económica xustificativa do custo da actividade esixida no artigo 48.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 xuño. Á vista dos datos remitidos polo Concello, a área provincial do IGVS formulará a xustificación e aplicación dos fondos previstos nos acordos específicos e das subvencións correspondentes.

Base 17.- Pagamento das axudas

As axudas concedidas provisional e definitivamente serán aboadas unha vez que o Concello certifique a finalización das obras e que o Instituto Galego de Vivenda e Solo emita o documento de cualificación definitiva e a resolución de abono da subvención.

O concello xustificará os pagamentos realizados, tanto respecto das subvencións estatais, para a súa comunicación ao Ministerio de fomento, como das subvencións autonómicas.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha cantidade inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

O ingreso farase efectivo por transferencia bancaria no número de conta que ó efecto indicou o interesado no momento de presentar a documentación.



En todo caso, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa deudor por resolución de procedencia de reintegro.

Base 18.- Comprobación de subvencions.

O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade determinante da concesión da subvención.

Base 19.- Perda da Subvención

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencions ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Ademais das causas establecidas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencions serán causa de perda da subvención:

- a) Non reunir as condicións esixidas, relativas ós solicitantes ou ós inmobles para rehabilitar.
- b) A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación e carezan de título habilitante de natureza urbanística.
- c) A grave incorrección técnico - construtiva das obras, apreciada pola Oficina de Rehabilitación e constatada no proxecto ou na súa execución.
- d) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade a respecto do estado previo do inmovible.
- e) Iniciar as obras sen dar conta á Oficina de Rehabilitación.
- f) Incumprir os prazos sinalados na aprobación provisional ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.
- g) O impedimento ou a obstaculización do acceso ás obras ós técnicos da Oficina de Rehabilitación por parte do promotor ou do contratista.

Base 20.- Reintegro da subvención

1. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, comportará, ademais das sancions que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.
2. En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobre o dereito á axuda.
3. Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
5. A comisión dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmobles obxecto de axudas por parte dos seus beneficiarios, no prazo de catro anos dende a súa aprobación definitiva determinará a obriga de devolver o importe das subvencions percibidas cos intereses correspondentes, sen prexuízo das sancions que se lles puidesen impoñer.

Base 21.- Publicidade

A publicación das presentes bases realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, na paxina web municipal e no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da información complementaria que se realizará nos distintos medios de comunicación.

O que se fai público comunicándose que o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno local no prazo de 1 mes a computar a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ou directamente recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo no prazo de 2 meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio ou da recepción da notificación da resolución do recurso administrativo de reposición -no caso de que se interpoña-, se é expresa, ou 6 meses a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto. Si se interpoñen recurso de reposición en vía administrativa non



poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente aquel ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso. Poderán interpoñer calquera outro recurso que estime procedente.

Base 22.- Norma Final

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

- a) O Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.
- b) A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- c) A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- d) A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- e) O convenio de colaboración asinado o 30 de julio de 2018 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.
- f) Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- g) O acordo da Comisión Bilateral celebrada o 22 de Outubro do 2019, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Conxunto Histórico e zonas de respecto no concello de Chantada (Lugo).
- h) Real Decreto 7/2015, 30 de outubro, texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.

En Chantada, á data da sinatura electrónica.

